

MEMORIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE FACENDA, A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS AO ABEIRO DO PROCEDEMENTO DE REGULARIZACIÓN CATASTRAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Sra. Secretaria Xeral da Consellería de Facenda **DECLARA:**

Que a Consellería de Facenda e Axencia Tributaria de Galicia ten previsto formalizar coa Federación Galega de Municipios e Provincias o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer un marco xeral de colaboración entre a Consellería de Facenda, a Axencia Tributaria de Galicia e as Entidades Locais de Galicia asociadas á FEGAMP que se adhiran ao presente convenio, polo que se preste un servizo de asesoramento aos devanditos concellos, que así o soliciten, respecto do exercicio das súas competencias normativas en relación ao imposto sobre bens inmobles e a súa repercusión no ámbito financeiro e equilibrio orzamentario dos mesmos; implementando á vez un reforzo das garantías do axeitado desenvolvemento do procedemento de regularización catastral do que están a ser obxecto os inmobles radicados en diversos concellos galegos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan en que *o procedemento de regularización catastral iniciado polo Estado presenta un marcado carácter técnico que, en ocasións, fai que a súa razón de ser, alcance e consecuencias escape do coñecemento do cidadán medio que necesita, por eses motivos, de asesoramento para valorar e comprender os devanditos procedementos e, no seu caso, efectuar as alegacións a que haxa lugar.*

Por outra banda, a regularización catastral pode supoñer para os concellos en cuxos termos municipais se desenvolvan un reto tanto en termos de atención e asistencia

aos seus veciños, como a nivel organizativo e de xestión interna, dadas as repercusións que do mesmo podan derivar no seu ámbito financeiro e de equilibrio orzamentario; sen descoñecer que, en ocasións, esta regularización pode carretar para os entes locais a conveniencia de adecuar as súas ordenanzas fiscais no que atinxe as súas competencias normativas para dar un adecuado encaixe á nova realidade catastral resultante dos devanditos procedementos.

Por estes motivos, o Pleno do Parlamento de Galicia, en sesión de data 16 de marzo de 2016, aprobou unha proposición non de lei en cuxo punto terceiro instábase á Xunta de Galicia a establecer fórmulas de colaboración a través da FEGAMP para prestarlle o asesoramento preciso aos concellos de Galicia que os soliciten en relación coas súas competencias normativas no imposto sobre bens inmobles e as repercusións que estas podan ter no seu ámbito financeiro e de equilibrio orzamentario.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 21 de abril de 2016.